

Estudantado de centros públicos poderá facer visitas conxuntas á Xunta e ao Parlamento nun programa de promoción dos valores democráticos

- **O presidente do Parlamento e o conselleiro de Educación asinan o convenio “Coñece as túas institucións”, orientado a difundir o papel das institucións e explicar a separación de poderes, esencial en calquera democracia**
- **Xunta e Parlamento patrocinarán os desprazamentos desde unha óptica de eficiencia**
- **A comisión de seguimento do convenio reunirase nos vindeiros días para que os centros podan comezar a solicitar visitas**

Santiago, 18 de decembro de 2017.- O presidente do Parlamento de Galicia, Miguel Ángel Santalices Vieira, e o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Román Rodríguez González, asinaron hoxe no Pazo do Hórreo un convenio de colaboración que permitirá organizar visitas guiadas conxuntas ás sedes do poder Lexislativo e Executivo galego para o alumnado de centros públicos da Comunidade Autónoma.

Con este programa, denominado “Coñece as túas institucións” e dirixido inicialmente ao alumnado de 5º e 6º de Primaria e 1º e 2º de ESO, preténdese que o estudantado poda coñecer de primeira man o funcionamento do Parlamento e da Xunta e comprenda a separación de poderes propia das democracias, unha separación que, segundo recoñeceu o presidente da Cámara, ás veces resulta confusa para a cidadanía.

Xunta e Parlamento asumirán o custe dos desprazamentos que, nunha mesma xornada, permitirán que cada grupo poda visitar as dependencias do Lexislativo e do Executivo e recibir cumpridas

explicacións sobre o funcionamento e competencias das institucións autonómicas.

Eficiencia

Co convenio asinado hoxe preténdese animar a participación dos centros nesta iniciativa desde unha óptica de eficiencia na xestión dos recursos públicos, ao tempo que se busca cubrir un baleiro no ensino práctico dos denominados valores democráticos.

O acto celebrouse no vestíbulo que comunica o Salón de Plenos do Parlamento co acceso exterior, simbolizando a vocación de apertura do Lexislativo, segundo explicou o presidente da Cámara, Miguel Santalices.

Compromiso de apertura

Lembrou Santalices que mañá se cumpren 36 anos da constitución do Parlamento de Galicia e que con este acto se pecha a conmemoración do 35 aniversario da Cámara, integrada por diferentes actos que, desde unha óptica plural e participativa, tentaron poñer o foco sobre a institución, aqueixada dun “déficit crónico de coñecemento”.

Sobre o tempo transcorrido desde a primeira sesión do Parlamento, Santalices Vieira considerou que “o labor de aqueles deputados pioneiros e os que os seguiron, o da Xunta e o do conxunto da sociedade galega, pagou a pena ata o punto de que Galicia se ten situado entre os territorios con maior autonomía política de Europa e se converteu nunha Autonomía crible, solvente e respectada, considerada por moitos un modelo a seguir”.

Santalices Vieira recordou que o Parlamento de Galicia dispón desde hai tempo dun programa de visitas guiadas que “funciona razoablemente” e pechará este ano con máis de 12.000 participantes, pero agarda que o convenio asinado hoxe permita ampliálo e tamén mellorar o coñecemento da sociedade respecto ás súas institucións de autogoberno.

Súmase esta a outras medidas impulsadas polo Parlamento como as charlas divulgativas para estudiantado de ESO e Bacharelato, que neste curso se estenderon ás universidades, os plenos infantís ou a edición de material bibliográfico. Todas teñen como obxectivo a difusión da actividade parlamentaria.

O presidente do Parlamento convidou ao persoal docente a implicarse na posta en marcha do programa hoxe formalizado, ao que agradeceu expresamente o traballo que desenvolven.

As visitas, despois das vacacións de Nadal

A comisión mixta encargada de coordinar e seguir o desenvolvemento do convenio asinado polo presidente do Parlamento e o Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria reunírase de inmediato para poñer en marcha os mecanismos para que os centros educativos podan formalizar as solicitudes de visita. As solicitudes poderán tramitarse a través da páxina web do Parlamento de Galicia.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.